



BOLETÍN DE INFORMACIÓN MUNICIPAL Nº 1/2025

Teléfono: 982364092

e-mail: concelloasnogais@concelloasnogais.es

27/06/2025

VIAXES Á PRAIA

O Concello de As Nogais habilita un servizo de autobús para desprazarse ás praias coa seguinte programación:


DATAS	DESTINO
Domingo, 6 de xullo	VIVEIRO. Praia de Covas
Domingo, 13 de xullo	FOZ. Praia da Rapadoira
Domingo, 20 de xullo	CASTROPOL. Praia de Penarronda
Domingo, 27 de xullo	FOZ. Praia da Rapadoira
Domingo, 10 de agosto	VIVEIRO. Praia de Covas
Domingo, 17 de agosto	Miño. Praia de Miño

PRAZAS LIMITADAS **SAÍDA: 9:00 h. da mañá da Praza de As Nogais.**

A inscrición deberá realizarse nas oficinas do concello con data límite do venres anterior á saída de cada viaxe.

Máis información nas oficinas municipais. Teléfono 982364092.

O custe por persoa e día é de 10 € e deberán abonarse no momento da inscrición.



PISCINA MUNICIPAL



Dende o **día 1 de xullo** e en horario de **15:30 a 20:30 horas**, permanecerá aberta ao público a PISCINA MUNICIPAL. *A tarifa de uso das instalacións, regulada pola correspondente ordenanza fiscal, é a seguinte:*

<i>ENTRADA DIARIA</i>	
<i>Entrada diaria menores de 10 anos</i>	<i>GRATUITA</i>
<i>Entrada diaria a partir dos 10 anos</i>	<i>2 €</i>
<i>ABONOS PARA TODA A TEMPORADA</i>	
<i>Abono familiar residentes</i>	<i>36 €</i>
<i>Abono familiar non residentes</i>	<i>60 €</i>
<i>Abono individual residentes (menor de 18 anos)</i>	<i>18 €</i>
<i>Abono individual residentes (a partir de 18 anos)</i>	<i>24 €</i>
<i>Abono individual non residentes (menor de 18 anos)</i>	<i>36 €</i>
<i>Abono individual non residentes (a partir de 18 anos)</i>	<i>48 €</i>

CURSOS DE NATACIÓN PARA NENOS E MAIORES: Todos os interesados en asistir aos cursos de natación deberán realizar a inscrición nas instalacións da piscina a partir do 1 de xullo en horario de **15:30 a 20:30 horas**. *Os grupos e os horarios dos cursos serán adaptados polo socorrista.*

SISTEMA DE RECOLLIDA DE PLÁSTICOS AGRÍCOLAS



Recórdase aos titulares de explotacións agrogandeiras do Concello de As Nogais que os puntos de acopio de plásticos agrícolas de Doncos, Filloval e Nullán están pechados permanentemente pechado e **son de USO EXCLUSIVO DO PERSOAL MUNICIPAL**, polo que está totalmente prohibido depositar plásticos nestes puntos baixo advertencia de que poderían incorrer en delito medioambiental.

Como se ven facendo dende hai tempo, será o Concello quen recolla os residuos en domicilio previo aviso nas oficinas municipais.

NORMAS QUE DEBEN CUMPRIR O ACOPIO DOS RESIDUOS:

- 1.- Os plásticos deberán estar acopiados nun mesmo punto da explotación, preferiblemente ocultos e accesibles para o camión municipal de recollida.
- 2.- Recollerase **EXCLUSIVAMENTE PLÁSTICO AGRÍCOLA** (film) procedente do ensilado, tanto lonas plásticas negras coma o plástico estirable de cores (blanco, negro, verde, etc...). Deberá estar solto (NA PLANTA **NON ADMITEN BIGBAG**) e desprovisto de calquera outro material (Sacos de rafia, e polipropileno, redes e cordas, neumáticos, terra, pedras, envases de plástico de fitosanitarios, material veterinarios, garrafas de aceites, filtros, etc...)

A planta de reciclaxe rexeita todos aqueles residuos considerados non válidos polo que se advirte que se non cumpren as condicións anteriormente expostas os operarios municipais non procederán á súa recollida.

MELLORA DA RECOLLIDA SELECTIVA DO LIXO

Recentemente e de forma unilateral, O Goberno de España ven de fixar un imposto sobre o depósito en vertedoiro de residuos procedentes do domicilio e a súa incineración, obrigando aos concellos a repercutilo directamente á veciñanza. En base a isto a Xunta de Galicia tomou a decisión de asumir o 60 % do incrementos do canon que ten que aplicar Sogama (Planta de tratamento de residuos) aos Concellos **sempre e cando se cumpran o seguintes requisitos:**

1º.- Reducir un 1% os residuos a sogama a través do contenedor verde.

2º.- Incrementar un 3% a recollida selectiva (Envases de plástico, Papel-Cartón e Vidro)

Con fin de acadar estas condicións o Concello de As Nogais está a incrementar notablemente a dotación de contenedores amarelos, de papel-carton e de vidro. O obxectivo incrementa o nivel de separación de residuos conseguindo así minimizar o impacto económico que o imposto estatal obriga a repercutir nos recibos trimestrais.



CONTENEDOR AZUL

Todos os envases de cartón e papel que usamos pódense reciclar. Se os depositamos no colector azul, garantimos a súa correcta reciclaxe.
Envases de cartón: Caixa de galletas, de cereais,, de zapatos, etc. Papel usado, caixiñas de ovos, folletos de propaganda, bolsas de papel que nos sirvan para reutilizar, etc.

Prega ben os envases para que ocupen o menos posible no contenedor azul e sexa mías doado de introducir.



CONTENEDOR AMARELO

Envases de PLÁSTICO: Botellas de auga, refrescos, leite, etc., Envases de produtos de limpeza, xeles de baño, colonia, champú. Envases de iogur, manteiga. Envases de porexpan do peixe e verduras. Envoltorios de plástico de galletas e outras pastas. Bolsas de patacas fritas, aperitivos, golosiñas. Bolsas de plástico dos comercios

Envases de METÁLICOS: Latas de conservas. Botes de bebidas. Bandexas de aluminio. Sprays, tapóns metálicos, etc.

Envases BRIK: Cartóns de leite, de viño, zume, batidos, etc.



IGLU VERDE

Colector para envases de vidro:

Botellas de vidro de todo tipo, xa sexan de viño, licores, auga, etc.

Frascos de cosméticos e colonia.

Todo tipo de tarros de conservas, etc.



CONTENEDOR VERDE

E recorda, utiliza o contenedor xenérico SOLO para todo aquilo que NON pode ir nos demais colectores.

RECICLAR É MÁIS QUE UNHA BOA ACCIÓN, É O VALOR DA RESPONSABILIDADE POR VIVIR NUN MUNDO MELLOR E MAIS SOSTIBLE ECÓNOMICA E MEDIOAMBIENTAL MENTE.

FAINO POR TI, POLOS TEUS, E POLO MUNDO NO QUE VIVES, RECICLA!!!!